

# 4º DE PRIMARIA

## 11. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos serán tratados na programación de cada área.

Segundo a Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, a avaliación será continua e global. Terá en conta:

- Os coñecementos previos do noso alumnado.
- O progreso do alumno en todas as áreas do currículo.
- Os diferentes elementos do currículo.
- A adquisición das competencias básicas.
- A necesidade de establecer medidas de reforzo educativo.

Realizarase unha avaliación inicial no mes de setembro. En cada unidade partiremos dos coñecementos previos do alumnado para aumentar gradualmente os contidos.

Ao ser unha avaliación continua, teranse en conta todos os aspectos observados durante as diferentes sesións.

Destacar que o principal instrumento será a observación sistemática, do progreso do alumnado, así como a adquisición das competencias clave.

Outros instrumentos serán o traballo realizado polo alumnado en cada unidade, rexistros, diarios de clase, traballos individuais e grupais, traballos voluntarios, fichas de reforzo e ampliación, probas escrita e orais ao final de cada unidade, etc.

Tendo en conta os instrumentos de avaliación e os procedementos xa citados, para cualificar ao alumnado as cualificacións serán expresadas en cada materia do seguinte xeito: as satisfactorias e de xeito gradual como: SB (sobresaliente), NT (notable), BE (ben), SU (suficiente). As insatisfactorias como IN (insuficiente).

Para cualificar ao alumnado, teranse en conta os resultados das diversas probas realizadas ao longo de cada trimestre, así como, o traballo individual, a motivación do alumnado ante o traballo, a actitude, o esforzo, etc.

Ao remate de cada unidade realizarase unha proba de avaliación que constará de 10 preguntas con valoración de 1 punto por pregunta.

O peso da nota final, será a media das probas escritas e orais (60 %), a análise da produción dos alumnos (as tarefas e traballos, caderno de clase...) (30 %), e o rexistro de observación (a actitude, interese e participación nas clases, será valorado positivamente ou negativamente por riba da nota obtida (10%).

A actitude e interese nas clases serán reflectidas diariamente nos rexistros correspondentes.

### **Procedementos de avaliación**

<ul style="list-style-type: none"><li>• Observación directa do traballo diario.</li><li>• Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</li><li>• Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións).</li><li>• Valoración cualitativa do progreso individual (anotacións e puntualizacións).</li><li>• Valoración cuantitativa do progreso colectivo.</li><li>• Outros</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Observación directa.</li><li>• Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.</li><li>• Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</li><li>• Avaliación por competencias, proba correspondente á unidade.</li><li>• Outros documentos gráficos ou textuais.</li><li>• Debates e intervencións.</li><li>• Proxectos persoais ou de grupo.</li><li>• Representacións e dramatizacións.</li><li>• Elaboracións multimedia.</li></ul>
---	--

### **Instrumentos de avaliación**

- Probas orais e escritas:

Probas obxectivas que se valorarán de 0 a 10. Pódense consultar coa titora previa cita.

- Análise da produción dos alumnos/as:

Produtos finais resultado das tarefas realizadas (caderno de clase, maquetas, traballos...)

- Rexistro de observación:

Rexistro nunha táboa de determinados aspectos observables como actitude, participación, autonomía, esforzo...

## 12. Criterios de avaliación e de cualificación e promoción

Os criterios de avaliación aparecen especificados en cada área e unidade asociados aos estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Os criterios de cualificación establecidos son os seguintes:

- Probas escritas e orais computarán un 60% da nota. Nas que se inclúen probas de avaliación de contidos e probas de avaliación por competencias.
- Análise de produción do alumno, computará un 30%
- Observación Sistemática (actitude, participación, autonomía, esforzo...) Computará un 10%.

Tendo en conta que, segundo a Orde de 25 de xaneiro de 2022 o alumando únicamente non poderá non promocionar no actual curso deste 2º ciclo. Os criterios de promoción son os seguintes:

### **LENGUA CASTELLANA**

- **Escuchar y Hablar:**
  - Tener capacidad y actitud positiva de intervención y expresión en situaciones variadas del aula y capacidad de comprensión de estas producciones orales.
  - Detectar y comprender la información explícita en textos escrito produciendo textos orales en los que se interpreten las ideas contenidas.
  - Expresarse oralmente con claridad, exposición ordenada, pronunciación y entonación adecuada; y utilizar también en estas expresiones: terminología, tiempos verbales, adjetivos, determinantes, semántica, antónimos y sinónimos.
- **Leer y Escribir:**
  - Elaborar y reescribir textos escritos de diferente tipología y formato acordes a diversas situaciones funcionales, cotidianas, literarias, empleando las estrategias adecuadas.
  - Cuidado por la presentación de los textos escritos, así como atención a las normas ortográficas y caligráficas.
  - Leer expresivamente textos de tipología variada con fluidez y entonación adecuadas vinculadas a la puntuación y a la intencionalidad y con la velocidad apropiada segundo el tipo de texto y el objetivo lector.

- Comprender la información relevante en textos para aprender y para informarse tanto los producidos con finalidad didáctica como los de uso cotidiano.
- Reflexionar sobre la lengua.
- Identificar estructuras narrativas, descriptivas, instructivas y explicativas sencillas para la comprensión y composición de textos.
- Reconocer y diferenciar la sílaba tónica y la sílaba átona en una palabra.
- Conocer las reglas ortográficas, apreciando su valor social y la necesidad de ceñirse a ellas en los escritos: uso de mayúsculas, puntos finales, palabras con “mp” – “mb”, “h” en el verbo “haber” y “r doble” en las palabras.
- Uso y definición intuitiva en las actividades de producción e interpretación de la terminología siguiente: denominación de los textos trabajados, enunciado, palabra y sílaba, género y número, y tiempos verbales: pasado, presente y futuro.
- Inserción y coordinación de oraciones como instrumento en el avance de la composición escrita.
- Identificación funcional de las modalidades oracionales: enunciativas, exclamativas e interrogativas.
- Identificación intuitiva de sujeto y predicado.
- Reconocer en diferentes textos y oraciones: nombres, verbos y adjetivos.
- **Ler e Escribir:**
- Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato acordes a diversas situacións funcionais cotiás e literarias empregando as estratexias adecuadas.
- Coidado pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas e caligráficas.
- Ler expresivamente textos de tipoloxía variada con fluidez e entoación adecuadas vinculadas á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector.
- Comprender a información relevante en textos para aprender e para informarse tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotiá.
- Reflexionar sobre a lingua.
- Identificar estruturas narrativas, descriptivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.

- Coñecer e diferenciar a sílaba tónica e átona nunha palabra.
- Coñecer as regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos: uso de maiúsculas, puntos finais, palabras con “mp” – “mb”, “h” no verbo “haber” e “r dobre” nas palabras.
- Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, e tempos verbais : pasado, presente e futuro.
- Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.
- Identificación funcional das modalidades oracionais: enunciativas, exclamativas e interrogativas.
- Identificación intuitiva de suxeito e predicado.
- Recoñecer en diferentes textos e oracións: nomes, verbos e adxectivos.

## **CIENCIAS DA NATUREZA**

- **Iniciación á actividade científica**

Busca, selecciona e organiza, información concreta e relevante, obten conclusións e comunícao oralmente ou por escrito.

Utiliza as TICs (internet, blogs...) para elaborar traballos.

Manifesta autonomía na planificación e execución da tarefa.

Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

Presenta estratexias para traballar de xeito individual e en equipo.

- **O ser humano e a saúde**
  - Recoñece as partes externas e internas do corpo humano, así como algunha das súas funcións, e coñece o seu vocabulario.
  - Asocia cada sentido co seu órgano.
  - Recoñece e valora, hábitos de vida saudables.
  - Identifica emocións e sentimentos propios e dos seu compañeiros e dos adultos, mostrando empatía.
- **Os seres vivos**
  - Identifica aos seres vivos e inertes.

- Coñece as características dos seres vivos.
- Aplica criterios que permitan diferenciar as clases de animais e plantas en termos xerais.
- Identifica os diferentes habitats dos seres vivos.
- Mostra condutas de respecto e coidado polos seres vivos.
- **Materia e enerxía:**
  - Identifica algúns materiais polas súas propiedades.
  - Coñece algunhas das características das diferentes formas de enerxía.
  - Identifica as principais características das enerxías renovables e non renovables.
- **Tecnoloxía, obxectos e máquinas**
- Recoñece as máquinas e diferencia o concepto de máquina, as máquinas simples e as máquinas complexas.
- Identifica os elementos dun circuíto eléctrico.
- Coñece algúns descubrimentos e inventos da humanidade.
- Coñece e explica algúns dos avances na ciencia no fogar e na vida cotiá.

## **CIENCIAS SOCIAIS**

- **Contidos Comúns:**
- Busca, selecciona e organiza, información concreta e relevante, obtén conclusións e comunicado oralmente ou por escrito.
- Utiliza as TICs (internet, blogs...) para elaborar traballos.
- Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
- Mostra habilidades para o traballo de xeito individual e cooperativo, adoptando un comportamento responsable.
- Valora a cooperación e o diálogo como forma para evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.
- Mostra autonomía na realización das tarefas e confianza e si mesmo/a.
- **O mundo en que vivimos:**

Describe como é, como se orixinou o universo e os seu principais compoñentes.

Explica o movemento de translación e rotación terrestre.

Define a translación da lúa e identifica as fases lunares.

Identifica as capas da Terra.

Nomea as distintas representacións da Terra (mapas, planos...)

Identifica e nomea os fenómenos atmosféricos, e algún aparello de medida que se utiliza para a recollida de datos.

Coñece a diferenza entre tempo atmosférico e clima.

Interpreta sinxelos mapas meteorolóxicos.

Define clima, zona climática, e nomea os tipos de climas de España.

Describe o ciclo da auga.

Nomea os tramos dun río.

Observa a composición das rochas e tipos.

Diferenza entre rocha e mineral.

Define paisaxe e identifica os seus compoñentes.

Sitúa nun mapa os mares, os océanos e os grandes ríos de España.

Coñece o uso sustentable dos recursos naturais e propón medidas para mellorar as condicións ambientais do noso planeta.

- **Vivir en sociedade:**

Identifica, respecta e valora os principios democráticos mais importantes establecidos na Constitución Española.

Coñece as principais institucións do Estado Español.

Localiza nun mapa político, as comunidades e provincias que forman España.

Coñece que é a Unión Europea e os países membros.

Define demografía e poboación.

Explica a emigración a Europa e a chegada de emigrantes ao noso país.

Identifica materias primas e produto elaborado.

Coñece o sector primario, secundario e terciario en España e Europa.

Identifica diferentes tipos de empresas.

Explica normas básicas de circulación e significado dalgúns sinais de tráfico.

- **As pegadas do tempo:**

Define o concepto de prehistoria e data as idades da historia de España.

Valora a importancia da escritura, da agricultura e da gandaría como descubrimentos que cambiaron a sociedade.

Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes.

Identifica, valora e respecta o patrimonio natural e artístico.

## **MATEMÁTICAS**

Realiza e entende o mecanismo das catro operacións.

Restas con levadas.

Sumas.

Multiplicacións por dúas cifras.

Divisións entre dúas cifras.

Resolve problemas sinxelos aplicando as operacións de cálculo necesarias (suma, resta, multiplicación e división) utilizando estratexias de resolución.

Razona as solucións dadas ou atopadas nas diferentes situacións problemáticas que se plantexan.

Le, escribe e ordena números ata as centenas de millar.

Interpreta a orde de cada cifra do número e o seu valor.

Utiliza os números para cuantificar de maneira exacta ou aproximada, contando e estimando.

Realiza medicións diversas e fai estimacións de lonxitude, de capacidade e de volume.

Identifica as formas xeométricas elementais no contorno próximo e establece relación sobre o plano dos elementos xeométricos básicos (cadrado, triángulo, rectángulo e circunferencia).

Coñece e manexa a escuadra, o cartabón, a regra e o compás.

Coñece e realiza cambios sinxelos coa moeda oficial da nosa comunidade e país. (euros e céntimos).

Interpreta e representa información en gráficas.

Coñece e manexa as medidas do tempo (día, hora, minuto e segundo).

## **13. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados**

A avaliación inicial consistirá en valorar o nivel competencial das linguas e das matemáticas.

Realízase mediante probas orais e escritas nas que se valorará no caso das linguas a expresión oral e escrita e a velocidade e comprensión lectora. En canto as matemáticas



valorarase o razoamento lóxico- matemático, mediante a resolución de problemas sinxelos e A competencia numérica.

A avaliación inicial, será realizada durante a 2ª semana de clase e terá simplemente carácter informativo.

En función dos resultados valorarase a posta en práctica de actividades de reforzo de carácter individual e xunto co equipo de orientación a posibilidade de unha valoración do alumnado de cara a recibir apoio dentro ou for a da aula se así se considera.

## **15. Plan de actividades de reforzo/recuperación para alumnado que repite**

- Fichas de reforzo para cada unidade.
- Corrección común e individual dos erros das probas escritas.
- Realización individual dos exercicios errados nas probas escritas.
- Actividades interactivas de reforzo da materia traballada.
- Repetición das tarefas non realizadas correctamente.

### **15.1. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Segundo a Orde de 25 de xaneiro de 2022 o o alumnado que teña algunha materia pendente do curso anterior faráselle un seguimento do proceso de aprendizaxe atendendo ás súas necesidades. Sempre que o equipo docente o considere aplicaráselle medidas de reforzo educativo para lograr un grao axeitado dos obxectivos e das competencias clave.

Se a medida aplicada non fose suficiente para o logro destes elementos do currículo, oído o equipo docente, o alumno ou alumna recibirá apoio fóra da aula coas especialistas en PT e AL.

### **15.2. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes**

Os instrumentos de avaliación para as materias pendentes son os mesmos que para as materias superadas, atendendo á repetición de actividades e ampliación e tarefas, así como os novos intercambios orais co alumno.

Serán tomados como criterios de avaliación das materias pendentes os mínimos establecidos nesta mesma programación para cada súa materia.

Xa que a avaliación é continua se o alumnado con materias pendentes é capaz de superar a última avaliación considerarase a materia como superada.